

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE ARBO, PARA A EXECUCIÓN DO “+ RUEIRO – PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN PARA LEVAR A CABO O CENSO DE VIVENDAS DOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE ARBO, PARA A EXECUCIÓN DO “+ RUEIRO – PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN PARA LEVAR A CABO O CENSO DE VIVENDAS DOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Luís López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, D./D^a Horacio Gil Expósito, Alcalde presidente do Concello de Arbo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos de común acordo,

EXPOÑEN

I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de Arbo (en adiante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que Concellos e cidadáns poidan obter os mesmos dereitos e servizos.

II. O Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática publicou o día 18 de novembro de 2023 (BOE/BOE núm.276) a Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria



correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal nas entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), co obxecto de seguir avanzando na transformación dixital e modernización das entidades locais, así como na consecución dos fitos e obxectivos do PRTR.

III. Dentro deste marco de colaboración, o 30 de xaneiro de 2024, a Deputación de Pontevedra informou a todos os Concellos da provincia de Pontevedra a intención da institución provincial de presentar un proxecto de transformación dixital e de modernización para levar a cabo o censo de vivendas das entidades locais no marco del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, destinado a todos os municipios da provincia de Pontevedra.

IV. Que o Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a sinatura en data 5 de febreiro de 2024 do certificado de adhesión ao “Proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas dos municipios da Provincia de Pontevedra”.

V. Que mediante Resolución presidencial número 2024001836 e data de 05/03/2024, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto denominado “+ RUEIRO”, ao amparo da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal nas entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

VI. En data 06/03/2024 preséntase ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática o proxecto denominado “+ RUEIRO - Proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas dos municipios da Provincia de Pontevedra”.

Tras a súa avaliación, en data 03/10/2024 (Rexistro de entrada número: 2024018566) recíbese Resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo á Compoñente 11.13 do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) por importe de 1.500.000,00 euros.

VII. Que esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca a execución das actividades incluídas no proxecto aprobado anteriormente correspondentes ao seu



termo municipal, concretamente preténdese por en marcha un novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal baseado na dixitalización das vivendas da Provincia. A finalidade deste proxecto é a transformación dixital e a modernización do padrón municipal das entidades locais levando a cabo un censo de vivendas nos Concellos da Provincia de Pontevedra.

VIII. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local atribúe, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.

Neste mesmo sentido, a citada Lei 7/1985, no artigo 36.1.b) atribúe ás deputacións ou entidades equivalentes competencias na asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión". E para estes efectos o artigo 36.2.d) dispón que a Deputación ou entidade equivalente "Dá soporte aos Concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles lles encomenden.

IX. Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen o art. 47 e os seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, art. 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

X. Por último, o Concello participante no proxecto "+ RUEIRO - Proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas dos municipios da Provincia de Pontevedra", a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución dos traballos delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.

En base a estes antecedentes, as partes acordan a subscripción deste convenio, consonte as seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Arbo para a transformación dixital e a modernización do padrón municipal do Concello levando a cabo un censo de vivendas mediante a posta en marcha dun novo Sistema de Xestión da Información sobre o territorio do municipio.

Polo tanto son obxectivos do presente convenio :

- Dotar ao municipio con unha base de datos de vivendas, unificada a nivel nacional, na que se identificará cada vivenda mediante un identificador baseado na referencia catastral no territorio fiscal común do ben inmovible no que estea situado o fogar.
- A implementación de ferramentas que permitan a actualización da información obrante en dita base de datos.

Estas actuacións forman parte do proxecto “+ RUEIRO - Proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas dos municipios da Provincia de Pontevedra” que conta con financiamento do 100% do PRTR segundo a convocatoria de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais.

SEGUNDA.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Defínese a localización das actuacións a realizar dentro do termo municipal do Concello de Arbo no referido ao seu sistema de xestión do padrón municipal, segundo o recollido na memoria descritiva do citado proxecto.

TERCEIRA.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade de seis mil novecentos vinte e seis euros con cincuenta e oito céntimos (6926,5762 €), do global do proxecto que é de 1.500.000,00€, tal como se infire da Orde TER/1235/2023, de 15 de novembro pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal nas entidades locais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).



Neste proxecto, ao ser a intensidade da subvención das actuacións do 100%, non é necesaria unha achega por parte de Deputación nin por parte dos concellos.

O proxecto concrétase en actuacións cuxo importe coincide coa partida asignada á Deputación de Pontevedra polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática. Non obstante, no caso de superarse o importe, aplicaranse achegas municipais para facer fronte ao exceso.

CUARTA.- CONTRATACIÓN

Os concellos adheridos ao proxecto denominado “+RUEIRO - Proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas dos municipios da Provincia de Pontevedra” delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións.

Neste sentido, a tipoloxía de traballos para contratar pode comprender os servizos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios para a creación da base de datos de vivendas, incluíndo un identificador único de vivenda a nivel nacional (CIV) que se derivaría da referencia catastral e de ferramentas de actualización da información de direccións postais e demais campos que describen a localización das vivendas.

QUINTA.- MODIFICACIÓN DO ALCANCE DO PROXECTO

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e debidamente xustificadas que obriguen a unha modificación do alcance do proxecto, deberá contar coa autorización previa e expresa do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, do Concello e da Deputación.

No caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrigue a un incremento da cantidade total estipulada no convenio deberá contar coa autorización previa e expresa do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, do Concello e da Deputación, e financiarase polo propio Concello tal como se estipula na cláusula terceira.

Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de seguimento e contando coa autorización previa e expresa do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, do Concello e da Deputación.



Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descriptiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previa autorización expresa do devandito Ministerio.

SEXTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello obrígase a:

- Prestar colaboración e poñer a disposición da Deputación de Pontevedra tanta documentación se lle requira para poder levar a cabo a execución das actuacións que se contemplan na memoria descriptiva do proxecto.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Levar a cabo a integración da base de datos obxecto do convenio na súa ferramenta de xestión do padrón municipal. A empresa adxudicataria proporcionará un entregable en formato estándar a tal efecto.
- O mantemento e conservación por parte do Concello da súa base de datos de vivendas perfectamente identificadas, incluíndo a existencia dun identificador único de vivenda a nivel nacional (CIV) que se derivaría da referencia catastral e de ferramentas de actualización da información de direccións postais e demais campos que describen a localización das vivendas, asumindo a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción dos traballos.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme a cláusula sétima do mesmo, de tal xeito que quede constancia de que os traballos obxecto do mesmo se levaron a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra e co Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descriptiva das actuacións a acometer, asumindo as obrigas como responsable da execución do proxecto ante os órganos de xestión do programa.



- Licitat, adxudicar, executar e recibir os traballos segundo o recollido na memoria descritiva do proxecto dentro do termo municipal do Concello no referido ao seu sistema de xestión do padrón municipal.
- Atendendo ó artigo 22 da ORDEN TER/1235/2023, a Deputación de Pontevedra xustificará o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos percibidos ante o órgano concedente.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017.

SÉTIMA.- RESPONSABILIDADES E MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello.

O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Facilitar a localización do cartel permanente da financiación que se lle proporcione.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Segundo o establecido na Orde TER/1235/2023, levaranse a cabo accións de información e publicidade. A Deputación de Pontevedra informará á Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, coa periodicidade que se determine, acerca do estado de execución das actuacións financiadas, así como de calquera evento ou imprevisto que poida impactar na consecución dos obxectivos establecidos.



Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigacións de información e publicidade relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, todo iso, de conformidade co disposto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

Adoptaranse medidas de información, comunicación e visibilidade das actuacións financiadas (banners en webs ou aplicacións informáticas, carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, anuncios e insercións en prensa, certificados etc.)/ etc.), incluíndo os seguintes logos:

- a) O emblema da Unión Europea.
- b) Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea-Next Generation EU».
- c) Teranse en conta as normas gráficas e as cores normalizadas establecidas no anexo I do Regulamento de Execución 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.
- d) Así mesmo, incluírase o logo oficial do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Reino de España, e unha referencia á xestión polo Ministerio de Política Territorial. Para ese efecto teranse en consideración as indicacións que se adopten sobre a comunicación dixital do PRTR.

En calquera tipo de contrato ou encargo relacionado coa execución das actuacións, incluída a subcontratación, as entidades beneficiarias deberán facer constar «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea-Next Generation EU», Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como a referencia ao Compoñente 11, Investimento 3, do PRTR, xestionado polo Ministerio de Política Territorial. Tal mención tamén deberá ser incluída en todos os documentos que sustenten a contratación dos bens e/o servizos a prestar.

En referencia á imaxe corporativa, a Deputación de Pontevedra, comprométese a empregar o Manual de Comunicación para xestores e beneficiarios do PRTR elaborado pola Secretaría de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda na súa edición actualizada de febreiro de 2024.

A efectos de auditoría e control e segundo o establecido no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os datos dos perceptores finais destas axudas serán públicos.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de



registro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVA.- CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES

No marco deste convenio, será incompatible para o Concello a percepción de outras axudas ou subvencións destinadas a financiar os mesmos custos.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de seguimento e control, integrada polo Presidente da Deputación e a alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou as persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de seguimento:

- A coordinación entre as administracións asinantes na execución dos traballos e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas.



- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de seguimento reunirase cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e o seu secretario que levantará acta das reunións.

DÉCIMA PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura ata a finalización do prazo de xustificación. O investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 30 de xuño de 2025 e xustificado no prazo máximo de dous meses dende a finalización do prazo de execución, salvo autorización expresa de prórroga por parte do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.

No caso de que sexa autorizada expresamente unha prórroga polo órgano concedente, por motivos xustificadas, como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, ou cantas incidencias se produzan na execución do mesmo, a Deputación comunicará ao Concello tal circunstancia.

DÉCIMA SEGUNDA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.



Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMA TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Arbo e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O presidente da Deputación
Provincial de Pontevedra,

D. Luis López Diéguez

O/a alcalde/sa-presidente/a do Concello de
Arbo,

D./D.ª Horacio Gil Expósito

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,

D. Carlos Cuadrado Romay



